DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 61 | Martes, 26 de marzo de 2024 | Páx. 20843

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

*EXTRACTO da Orde do 13 de marzo de 2024 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento PL400A).*

BDNS (Identif.): 750287.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

1. As entidades locais de Galicia, excluídas as deputacións provinciais.

2. Os agrupamentos de concellos para a realización dun proxecto común. As súas entidades integrantes nomearán unha entidade representante única que actuará como coordinadora e interlocutora coa Secretaría Xeral de Política Lingüística e que será a receptora da asignación económica.

3. Estes concellos ou agrupamento de concellos deberán ter unha poboación igual ou superior aos 3.000 habitantes.

Segundo. *Obxecto*

O obxecto deste procedemento é establecer axudas para fomentar a prestación dun servizo lingüístico, mediante a súa creación ou o mantemento ou reforzamento dos existentes, ou promover a planificación e o desenvolvemento de programas de dinamización da lingua galega, para o ano 2024, en concellos ou en agrupamento de concellos con poboación igual ou superior aos 3.000 habitantes (código de procedemento PL400A).

Con esta orde apróbanse as bases e convócanse estas axudas en réxime de concorrencia competitiva.

CVE-DOG: mekrcri4-kxj2-qnw1-t7v7-gcs2rjuqhks1

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 13 de marzo de 2024 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento PL400A).

Publicadas no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto. *Contía*

Importe total da convocatoria: 350.000 euros.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Un mes, contado desde o día seguinte ao da publicación da Orde do 13 de marzo de 2024 no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2024

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
P.D. (Orde do 29.7.2022)
Manuel Vila López
Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura,
Educación, Formación Profesional e Universidades

CVE-DOG: mekrcri4-kxj2-qnw1-t7v7-gcs2rjuqhks1


ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia